



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

**Ana María Cacharrón Castelos, secretaria do Concello de Bergondo (A Coruña)**

**CERTIFICO:** Que, polo concelleiro-delegado de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente, por Resolución nº 956/2019, do 14-08-2019, adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

**“Juan Antonio Fariña Pedreira, concelleiro delegado de Infraestruturas, Urbanismo e Medio Ambiente do Concello de Bergondo (A Coruña)**

**ASUNTO: CONTRATO MENOR DE "DESMONTAXE, DESPEZAMENTO E RETIRADA DE DEPÓSITOS BALEIROS DE AUGA NO MONTE DE SANTA MARTA DO TERMO MUNICIPAL DE BERGONDO. A CORUÑA"**

**EXPEDIENTE: 2019/C007/000064**

Vista a necesidade de realizar o contrato de “DESMONTAXE, DESPEZAMENTO E RETIRADA DE DEPÓSITOS BALEIROS DE AUGA NO MONTE DE SANTA MARTA DO TERMO MUNICIPAL DE BERGONDO. A CORUÑA”, iniciouse o expediente de contrato menor 2019/C007/000064.

No citado expediente solicitáronse varios presupostos, que constan no expediente.

Comprobado posteriormente, que os devanditos depósitos constaban no Inventario municipal de Bens 1977-1983, Libro 1, páxina 23, número 1, sitos na parcela catastral 15008A015001750000XE, propiedade do Concello de Bergondo, e no inventario aprobado inicialmente polo Concello baixo o número 1.100029, como ben de uso público, incluídos baixo o epígrafe depósito de auga de Babío, iniciouse o procedemento para a súa declaración coma efectos non utilizables.

A empresa concesionaria da xestión integral da auga informa o 20.11.2018 que a instalación citada, sita no recinto do depósito principal do Concello, nunca foi xestionada por eles, ao non estar incluída no contrato asinado o 11 de xuño de 2002; en definitiva, engade que trátase dunha instalación en mal estado e fóra de servizo que non ten a posibilidade de ser aproveitada de cara ao futuro por non existir na actualidade unha captación e por non dispor dos elementos necesarios para dar cumprimento ao RD 140/2003 no que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga para consumo humano.

Con data 11 de abril de 2019, o enxeñeiro técnico agrícola Pedro Zapata Roel emite informe técnico no que calcula o peso do metal do depósito en 11.330,06 kg., e os valora (descontados xa os gastos de desmontaxe e retirada por xestor autorizado) en 2.109,30 euros, polo que se comproba que o seu valor é residual en comparación co ben recollido no novo inventario municipal aprobado inicialmente.

Por acordo plenario do 25 de abril de 2019, resolveuse ao abeiro dos artigos 7, 112 e 118 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e consonte cos informes obrantes no expediente, declarar efecto non utilizable os tres depósitos ou silos de auga, sitos na parcela catastral 15008A015001750000XE, dispoñendo a súa baixa do Inventario de bens municipal, como ben de dominio público, de uso público con destino a infraestrutura de abastecemento de auga.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Visto que estamos diante dun contrato mixto patrimonial (venda depósitos) e de servizos (retirada e tratamento axeitado dos devanditos depósitos); aos patrimoniais, lles son de aplicación na súa preparación e adxudicación as normas da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en concreto as seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo, entre as que se encontra o artigo 118 da LCSP, relativo á regulación dos contratos menores; neste suposto aplicáronse as normas de preparación e adxudicación dun contrato menor de servizos, que non excede de 15.000,00 euros, de conformidade co artigo 118.1 da LCSP, no que a tramitación do expediente só esixe o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requírese a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

No expediente xustifícase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, todo isto e sen prexuízo da esixencia dos requisitos que non sexan incompatibles coa especial natureza destes contratos, senón que, polo contrario, sexan indispensables para a súa caracterización, entre eles os relativos á capacidade e solvencia do contratista.

Considerando que estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

Visto que o prezo de valoración obrante no expediente é un pouco máis elevado que as ofertas obrantes no mesmo; considerando que a competencia orixinaria para contratar é da alcaldía-presidencia, conforme ao preceptuado na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, se ben nesta área os contratos menores están delegados na Concellería de infraestruturas, urbanismo e medio ambiente, por resolución núm. 773/2019, do 21 de xuño, pola presente **RESOLVO:**

**ÚNICO.** Publicar na páxina web municipal a licitación do contrato menor mixto de DESMONTAXE, DESPEZAMENTO E RETIRADA DE DEPÓSITOS BALEIROS DE AUGA NO MONTE DE SANTA MARTA DO TERMO MUNICIPAL DE BERGONDO. A CORUÑA, no prezo de licitación de 2.109,30 euros, outorgando de prazo ata o día 30 de agosto, ás 23:59 horas, para que os interesados poidan presentar as súas ofertas de xeito electrónico, e consonte cos modelos obrantes na devandita páxina web.

En Bergondo, mércores 14 de agosto de 2019. O concelleiro-delegado. P.D. Res 773/2019 (BOP núm. 122/2019). Juan A. Fariña Pedreira. Dou fe; a secretaria. Ana María Cacharrón Castelos”

E para que conste, para os efectos que corresponden, asino a presente certificación, por orde e co visto e prace do concelleiro-delegado, en Bergondo, o luns 19 de agosto de 2019.

Vº. e Pr.

**O concelleiro-delegado**

P.D. Res. 773/2016

(BOP nº 122/2019)

Juan A. Fariña Pedreira

**A secretaría xeral**

Ana María Cacharrón Castelos